

por Miguel TÚÑEZ

A vida é unha sucesión en espiral na que o máis interesante está nos puntos de unión e de fricción duns círculos con outros porque é aí onde toman sentido as casualidades.

Un deses bucles colleume cando estaba a sentar no sillón do perruqueiro. Non sei moi ben por que lle dixen que non me deixase unha perrera recta, como a dos romanos. Perrera é o peiteado que leva miña nai nunha das poucas fotos que conservo de cando era neño e na que aparecemos os dous; tamén é unha das palabras que recordo que aprendín dela.

Soou o teléfono. Era Anxos. Pedíralle unha copia da transcripción das súas intervencións no Diario Cultural para lelas todas antes de pechar o libro.

Foi unha conversa que nin conversa foi, porque non houbo tempo. Nin un minuto. Cando comezaba a manexar a tesoirá, o perruqueiro explicoume que namentres eu falaba por teléfono el aproveitara para reflexionar sobre a orixe da palabra perrera: «Pode ser un calco de Sudamérica, unha influencia dos emigrantes, pero case creo que debe ser unha derivación do latín porque ten a mesma raíz que perruquería». Pensei deseguida en Anxos. A conversa (máis ben o monólogo con asentimentos meus) derivou cara ao uso da emotividade nos discursos dos políticos e o desapego do que eles din co que lle interesa á xente, e gañou en variedade e profundidade porque mesmo recalou na organización da economía agrícola de Birmania, da que tiven que recoñecer que son un ignorante. Mentres o perruqueiro falaba eu seguía a pensar en Anxos. Era como se a súa chamada me metera nun dos seus relatos curtos nos que o cotío é protagonista e a anécdota pasa a cobrar valor de xeneralidade.

A escrita de Anxos arranca na súa mirada. Ten uns ollos negros e un mirar húmido, cristalino, cunha profundidade que convida a mergullarse neles. Son ollos que falan. Mesmo nas fotos ten unha mirada con trans-fondo, que amosa inquietude, que di ás claras que a máquina está a procesar, que está a observar e arquivar datos, que le os movementos, os sons, as cores, as paisaxes, os xestos; que ispe e abriga. A súa escrita principia nesa mirada húmida porque arranca dun proceso de descrición desde os detalles que o resto dos ollos miramos pero non atinamos a ver. É outra forma de vivir as cousas que vai mais aló dos sentidos e os significados literais de cada acto. Será, quizais, porque mentres todos lembramos como empezamos a ler na escola, Anxos relata a súa aprendizaxe das palabras como un xogo de aprendizaxe directa da natureza, como se a vida estivese escrita e ela puidese lela para devolvela de novo en forma de relato, de artigo, de novela, de guión... «Como me dicía meu avó, apréndese a ler nas árbores, nos paxaros e en todo o que che ofrece a vida¹».

A VIII edición do premio Blanco Torres –impulsado pola Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela e patrocinado polo concello de Cuntis– vén de recoñecer a calidade das súas colaboracións na sección *Somos perigosamente normais* do *Diario Cultural*, que Ana Romaní dirixe na Radio Galega, e tamén premia os seus artigos en www.culturagalega.org. Instalándome nesa normalidade (que por perigosa me resulta sedutora) non teño a ousadía de querer facer unha análise literaria da súa obra, pero seguramente si debo facelo sobre a autora para non limitarme a analizar o premio só desde a óptica da súa participación nos medios.

A decisión do xurado é un punto de inflexión na traxectoria do Premio de Xornalismo Literario e de Opinión Roberto Blanco Torres. Non só porque o recoñecemento recae por primeira vez nunha muller, senón máis ben porque se acorda que o galardón recoñeza o valor de formas de creación literaria e de opinión que non se manifestan a través do impreso. O premio innova porque se achega ao xornalismo electrónico e porque, por primeira vez, se centra no xornalismo literario na radio. Racha, pois, coa identificación da escrita como base do periodismo nunha asociación equívoca que aínda leva a moitos a identificar xornalismo con palabra escrita e recoñece o valor da oralidade como soporte de comunicación.

¹ SILVA, Araceli, «Anxos Sumai, escritora: Prefiro o repouso que me ofrece a escrita sobre papel», Revista, *Diario de Pontevedra*, (8 de outubro de 2006), p. 15.

Pero tamén innova porque entra nas novas formas de intercomunicación social que se dan cos artigos na web e coa interacción autor-lector a través de internet (nos blogs, nos mails, nos foros...). Son novos modos de entender o xornalismo (calquera tipo de xornalismo) e de achegalo a unha tendencia actual que reclama un cambio de actitude dos medios de comunicación e dos xornalistas para que deixen de ser elaboradores e emisores de discursos e pasen a ser conversadores sobre os asuntos que narran. É un cambio de actitude fundamental para o futuro dos medios porque internet abre un novo escenario de comunicación no que tamén a información ten que desenvolverse en fluxos bidireccionais. Hai unha mudanza das audiencias, que deixan de ser pasivas e se converten en reactivas e proactivas. Por iso é desexable que os medios non sexan altofalantes de discursos, de mensaxes recitadas, e pasen a ser entidades que falen e que escoiten, que dialoguen coa audiencia.

Hoxe asociamos interactividade cos medios electrónicos, pero esa relación que permite ser emisor e receptor a un tempo non só vén dada polo soporte de difusión. Para interactuar necesítase resposta e poder de decisión sobre o resultado final. A comunicación ten que ser bidireccional con posibilidade de múltiples repeticións. A radio é lineal: existe a medida que se vai emitindo e, ou interactúo nese momento, ou xa non me é posible. Internet é como un *container*: accedo e interactúo cando quero ou cando podo.

Esta posibilidade de interacción pode encadrar tamén actuacións individuais. Coa rede, e máis aínda escribindo na rede, resulta doado para o autor conversar cos lectores sobre o seus escritos. Pero os lectores poden ser, á vez, emisores: poden duplicarse e ser final dun ciclo informativo e principio do seguinte, a modo de resposta do que se lle ofrece ou iniciando un novo proceso de comunicación no que sexan eles os que contén, os que falen, os que transmitan, os que narren... E eses ciclos alentan obras como *Melodías de días usados* e acaban por colarse en *Somos perigosamente normais*, porque supoñen unha visión máis real do que chega á audiencia coa que se comparte relato e soporte.

Por iso os novos medios son para Sumai novos retos, novos camiños para ampliar a súa base de lectores, novas plataformas nas que experimentar as posibilidades da escrita e de explorar novas dificultades e novas posibilidades narrativas. O blog, a radio, a web, supoñen novos usos da linguaxe porque a relación coa audiencia muda e porque tamén varían as posibilidades narrativas ao quedar constringidas polas limitacións de tempo ou de espazo, que non só poden acurtar aínda máis o relato curto, senón que mesmo lle poden poñer límites que condicionen a forma de narrar a historia.

Na distancia curta é onde Sumai mellor se desenvolve. Esta apreciación, lonxe de ser unha avaliación persoal, é un axuízamento feito desde os que comparten con Anxos os tempos da súa vida fóra do traballo e da literatura. Son palabras dos que miran o seu traballo con todo o afecto do amigo con maiúsculas, con ese afecto que obriga a un afinamento na diagnose para fuxir de calquera posibilidade de erro na apreciación, de modo que só poida contribuír a mellorar. Quero dicir que é unha afirmación honesta dos que comparten con Anxos o cotiá sobre o que Sumai asenta despois as historias que narra.

A cronamentalidade coa que se traballa nos medios non sempre adoita ser facilmente asumida polos que desde a literatura poden priorizar a forza do relato sobre os límites espazo-temporais que se precisan para reconstruílo. Os xornais teñen as páxinas taxadas. E as radios teñen compartimentados os seus programas en bloques temporais non ampliables. Os libros, non. Os libros rematan cinco páxinas antes ou vintecinco despois porque só acaban cando se acaba de escribir a historia (aínda que as historias non rematen case nunca na última páxina do libro).

Axustarse a un tempo e a un espazo taxados obriga a pulir aínda máis o relato porque fai necesario que cada palabra diga exactamente o que o autor quere dicir e non sempre hai posibilidade de recorrer ás figuras literarias, que son magníficos xogos intelectuais co lector, pero que requiren de máis liñas das que o autor pode permitirse: «En certa maneira estou condicionada pola forma de escribir na rede. Cando escribes para ser lida nunha pantalla tes que ser bastante concisa, aprender a eliminar adxectivos, adverbios. E a intentar dicir nunha soa frase moitas cousas. Non podo escribir textos moi longos e iso beneficiame porque vou perfeccionando o relato curto»².

Relatos curtos pero tamén autora de teatro e guionista, documentalista, tradutora, contista, bibliotecaria, escritora, comentarista... As bitácoras, a opinión, os blogs, a radio foron punto de partida. Hoxe xa case son etapas pasadas: «Non se trata de repetir fórmulas que xa utilice, polo tanto tampouco queredría facer un blog, ni nunha colección de artigos, nin facer opinión outra vez»³.

Case nesa orde se encadearon os feitos. *Anxos e díaños*, a dúo con Roberto Ribao, marcou o inicio da rede como espazo habitual de Anxos Sumai. Foi no portal www.culturagalega.org no que tamén foron medran-

² Tertulia da Sección de Literatura do Consello da Cultura Galega. Gravada o xoves 1 de abril de 2004 na Biblioteca do CCG.

Disponible en www.culturagalega.org/lg3/lg3_extra_tertulia.php?Cod_extrs=261.

³ FRANCO, Camilo, «Anxos Sumai, escritora: Sempre quixen ser unha playmate», Suplemento Culturais, *La Voz de Galicia*, (22 de decembro de 2007), p. 16.

do os textos de *Anxos da Garda* antes de se converteren, en 2003, en libro editado en papel:

Nel conságrase a literatura intimista, o confesionalismo, e parte do entusiasmo que espertou entre os lectores pode ter que ver co *voyeurismo* que estimulan no público certos produtos televisivos. Tratándose dun libro excepcional (pola eficaz resolución da focalización interna, pola orixinalidade de certas imaxes, pola radical singularidade da visión do mundo que o alimenta), preocúpame que o seu éxito se explique en parte porque consagra un modelo narrativo que pode encaixar con relativa coherencia nos estereotipos que tradicionalmente se lle apoñen aos textos de autoría feminina: lirismo, sensibilidade, introspección, etc.⁴.

Do paso da rede ao papel (coma rachando coa tendencia dominante nos xornais galegos de hoxe en día) tamén xorde *Melodías de días usados* (2005), unha continuación de *Anxos da Garda*, o libro co que merecería en 2004 o Premio da Crítica de Galicia. O certo é que desde que en 1985 conseguí o premio Novos Valores da Narrativa Galega, os galardóns, aínda que non lle guste moito que llo lembren, sempre estiveron a carón de Anxos Sumai. E xa o seu primeiro escrito xurdiu ao abeiro dun deles cando decidiu escribir a continuación de *20.000 leguas de viaxe submarina*, de Jules Verne, nunha arroutada de nena que quere continuar o libro que lle deran como agasallo nun concurso de redacción. Pero sen dúbida, o seu ano foi 2007. Non só porque na primavera recibe o Blanco Torres de Xornalismo Literario e de Opinión correspondente a producións do ano 2006, senón porque meses despois gaña o II Premio de Narrativa Breve Repsol YPF con *Así nacen as baleas* e, antes de rematar 2007, é elixida Escritora do Ano polos editores galegos.

As etiquetas son formas de organización grupal, con sinais definitorias comúns, que cando se aceptan e se defenden serven para explicar comportamentos tribais. Anxos foxe delas. Nin literatura de mulleres. Nin literatura galega. Nin nada no que poida encaixar pero que signifique unha redución de posibilidades, unha limitación. «Esas clasificacións prodúcenme desconfianza porque converten todo nun conxunto e anulan a realidade individual de cada unha (...) Toda a militancia que eu tería como escritora no feminismo sería desenvolver os personaxes de muller. Nin crítica, nin leccións, nin adoutrinamento⁵».

4 VILAVEDRA FERNÁNDEZ, D., «Unha achega ao discurso narrativo de autoría feminina», *Madrygal*, 10 (2007), p. 145-151.

5 FRANCO, Camilo, «Anxos Sumai, escritora...», *cit.*.playmate.

O seu campamento base non está nos recoñecementos, nin no xénero, nin no territorio senón na palabra, na que milita e á que retorce ata onde se precise para aproximarse a recrear sensacións, experiencias, paisaxes, pensamentos, accións... A lingua é unha ferramenta para recrear emocións e vivencias universais. E serve para xogar ao que ela mesma define como descolocación:

Non quero que Galicia sexa un condicionante, que o feito de ser galega me condicione, igual que non quero que me condicione o feito de ser muller. Evidentemente son muller, son galega, vivo aquí en Galicia, en Santiago e os sitios nos que vivo están detrás de todo, están como unha escenografía permanente, e os feitos de Galicia tamén, pero a min intéresame reflectir a vida noutros sitios e transcender as fronteiras, transcender calquera tipo de límite⁶.

Hai nese empeño unha actitude de curiosidade e unhas ganas constantes de saber máis e de compartir. A carreira de Historia que trouxo a Anxos Sumai de Catoira a Compostela era a peaxe para conseguir o que desexaba desde os anos de nena, nos que a crueldade de encerrar abellas nun burato no chan tapado cun cristal era o seu divertimento preferido. Sempre quixo ser bibliotecaria porque ese era o escenario que lle permitiría cada mañá cumprir o seu soño de estar rodeada de milleiros de libros dos que ir aprendendo un pouco de cada un. Foron, os de Historia, anos de participación activa na órbita das organizacións de esquerda. Das que nos finais dos anos 70 eran organizacións de esquerda *esquerda*. E desde os comités de facultade. Eran os tempos das protestas, do berro na rúa. Tres décadas despois, o que queda é un certo pouso de desencanto co sistema político e un desexo de vivir sen etiquetas que condicionen e que masifiquen. É unha aposta polo propio como diferente, como sinal de identidade, como protección fronte á alienación do grupo. Tanto nas ideoloxías coma nas paixóns. Tanto no ollar do mundo como na forma de recontalo nas súas obras. Tanto nos temas como nas reivindicacións que se desprenden das súas historias.

As colaboracións que conforman a sección *Somos perigosamente normais* poden considerarse propostas desde unha ideoloxía social combativa, con linguaxes comúns, coa actualidade como desculpa esvaecida. Son reflexións e historias cidadáns nas que un se pode ver reflectido ou coas que pode, mesmo, discutir en voz alta. Rachar coa indiferenza e

⁶ Tertulia da Sección de Literatura do Consello da Cultura Galega..., *cit.*

provocar reaccións debe ser, digo eu, a perigosidade da normalidade, o que está en liña cos estudos sobre comunicación nos que se evidencia que na interactividade nas relacións entre medios, democracia e sociedade hai unha tendencia crecente a analizar o proceso desde a cidadanía, pero cun cambio de actitude moi significativo porque se deixa ver como un suxeito pasivo nos tempos e espazos informativos e con posibilidades de ser un público reactivo (que responde a estímulos que se lle envían) nas partes de entretemento. Agora comeza a estudarse como axente proactivo.

O punto de inflexión está en que Internet é a primeira posibilidade real de individualizar un medio de masas, non só pola posibilidade de personalizar as mensaxes emitidas por emisores masivos, senón pola propia posibilidade de actuación individual de cada un de nós. Esta posibilidade dáse, ademais, en tres ámbitos moi importantes:

1. Os medios convertéronse en escenarios simbólicos da confrontación política en democracia porque son referente de realidade para a audiencia, escenario e actores políticos para o sistema e un soporte de penetración e contacto co mercado ou con *targets* definidos.
2. Os medios son referencia informativa na rede paralelamente ás actuacións dos individuos convertidos masivamente en emisores (aínda que non en soportes masivos).
3. Nun cambio de actitude dos medios cara ás audiencias, nun intento de deixar de ser orador para se instalar no diálogo coas audiencias.

O paso da sociedade moderna á sociedade posmoderna, como lle chaman algúns, ou contemporánea, como a refiren outros⁷, cuxas primeiras manifestacións comezaron nos axitados anos 60, trouxo como consecuencia profundas alteracións culturais, económicas e ideolóxicas que se fan sentir fundamentalmente na diminución do tempo de traballo e no

7 Sirvan de exemplo as explicacións de, entre outros, Tourraine (1992); García (2005); ou Giddens (2001), que coinciden en sinalar como os comportamentos que se dan na actualidade lévannos a crer que a sociedade moderna tivo como base ideolóxica o traballo, a produción e a superación e que no paso á sociedade contemporánea o ocio o o benestar parecen ser os que determinan os ritmos de vida: TOURRAINE, A., *Crítica da modernidade*, Lisboa, Instituto Piaget, 1992; GARCIA, R., «Escola, Educación Física e Tempo Livre: uma relação também da Gestão Desportiva», *Revista Portuguesa de Gestão*, APOGESD, 2 (2005), p. 12-29; GIDDENS, R., *O mundo na era da globalização*, 3ª ed., Lisboa, Presenza, 2001.

aumento do tempo de lecer⁸. Nese contexto, a Comunicación –como fenómeno social– non foi indiferente á mutación ideolóxica e cultural, como simboliza a aparición dos denominados novos medios cunha filosofía que xa non se fundamenta na masificación da mensaxe como condición indispensable para chegar a amplas audiencias, senón que é unha comunicación ao servizo da persoa en canto que individuo, aínda que sexa un individuo modelado polas novas tecnoloxías.

Para algúns autores como Tarruella⁹, a posmodernidade instalounos nun mundo *light*, froito da cultura dos *mass media* que chega aos cidadáns entendida como o resultado do predominio do medio sobre o contido. É o mundo que recibimos con filtros e mecanismos impostos polos propios medios, no que as noticias e os anuncios reelaboran unha realidade producida empresarial ou politicamente. É, xa que logo, a época das noticias delgadas, pequenas, de fácil lectura e de asuntos fugaces. Por iso, as propostas de reflexión desde o cotiá, como as de Anxos Sumai, teñen, cando menos, un triple valor: supoñen unha conexión directa coas preocupacións desde ámbitos non dominantes, nánrranse nunha linguaxe non burocrática que pode ser entendida por todos, e non están suxeitas a programacións interesadas de fontes e medios na construción do temario de actualidade como referente de visibilidade das accións que se promoven ou das que se informa.

E máis aínda se temos en conta que, na proximidade informativa galega, asistimos a contidos que se manteñen maioritariamente nunha dinámica de promover o equilibrio institucional na representación de actores e no contraste de versións e que deriva en propostas informativas cuantitativamente dominadas por pezas monofónicas saídas da axenda do medio (non da do xornalista), feita a base de atender as chamadas informativas programadas máis que preocupada por ofrecer ollares propios da realidade; é dicir, feita a modo de intento de contar o que pasa, porque se programa para que pase aínda que sexa á conta de renuncias. En fin, un xornalismo feito desde a análise e a interpretación do contorno que permita explicar o que realmente ocorre desde iniciativas propias.

Pero facer xornalismo non é o que Anxos Sumai pretende nin nos blogs nin na radio, os dous espazos polos que recibiu o premio Blanco Torres de Xornalismo Literario. Ou, polo menos, non busca ser xornalista no sentido máis tradicional do periodista, como a persoa que recons-

⁸ ARRISCADO, Paula. *Comunicación integrada e imaxe de marca no sector automóbil*, Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.

⁹ MASSÓ TARRUELLA, R., *La Cultura Light. El éxito de las personas famosas, los anuncios y las noticias*, Barcelona, CIMS 97, 2001.

trúe e explica a realidade para transmitirla á sociedade que protagoniza os feitos que se contan ou que se ve afectada por eles. Anxos Sumai fai literatura de ficción a partir de feitos reais. E xoga a fabular desde acontecementos destacados que son facilmente identificables nos referentes de realidade que temos cada un de nós. Non é periodista pero fai enxuizamento de feitos periodísticos avaliándoos desde a particularidade da anécdota que explica dunha forma tal que permite identificala como unha maxistral forma de explicar a realidade, como una maneira de contar a través de supostas vivencias persoais, o que pode identificarse como a vivencia individual dun colectivo. Na rede e nas historias da radio hai unha intencionada apropiación do cotián como maneira de teorizar sobre unha forma ou unha actitude de vida. Hai, en realidade, unha transformación do discurso que encerran os artigos de opinión nun relato no que a posición do receptor se produce, non tanto pola disonancia ou a coincidencia coa avaliación discursiva, senón pola súa identificación co sentir ou co modo de actuar dos personaxes que se crean para construír o relato.

Os relatos de Sumai son debuxos con palabras de anacos da vida cotiá, das escenas que vivimos a cotío, das impresións que compartimos nas conversas sociais pero que dificilmente atopan oco nos modelos estruturados do xornalismo informativo. Mirar só desde esa perspectiva e dicir que Anxos Sumai non fai periodismo sería negar o valor da imaxe como transmisora de realidade, porque Sumai aposta por facer dos seus textos unha descrición social a modo de imaxe capturada e reproducida con palabras. «Na sección que teño no Portal o que intento é facer case fotos do que está pasando en Galicia. Ás veces non me queda máis remedio que opinar pero gústame observar e fotografar; e despois, no seu momento, xa se sacarán conclusións¹⁰».

O cotiá non ten porque ser o persoal. Narrar o que un ve ou debuxar sentimentos no papel non ten que levar a contar os sentimentos propios. Os personaxes baseados no real non deixan de ser ficcións que semellan realidades. É o poder do literato. Pero mesmo na imaxinación sempre hai necesidade de contar con referentes persoais que permitan construír unha historia allea. A experiencia é un recurso constante, consciente ou inconscientemente. Pero construír desde o vivido non ten porque derivar en facer relatos persoais aínda que, ás veces, fomenta a confusión ao apostar por protagonistas que bautiza co seu nome real —«nunca fun tan exhibicionista como para escribir sobre a miña propia vida¹¹»—, mesmo nos relatos en primeira persoa ou nos personaxes que na

¹⁰ Tertulia da Sección de Literatura do Consello da Cultura Galega..., *cit.*

¹¹ SILVA, Araceli, «Anxos Sumai, escritora: Prefiro o repouso...», *cit. album*.

ficción son amigos e que na realidade son fontes de inspiración, aos que non traizo a nin desvelando a identidade nin reflectindo a historia que realmente aconteceu, senón unha versión totalmente ficcionada. Os apuntamentos do real mesturados nos relatos de ficción son máis ben pequenas chiscadelas de complicidade que fan crible o xogo da ambigüidade.

Seguramente non estaba na súa intención facer xornalismo ao escribir as colaboracións que deixaba na web do Consello da Cultura Galega ou no informativo cultural da Radio Galega. Pero tampouco se pode dicir que só faga literatura nos relatos porque o seu acerto nas propostas de reflexión sobre a realidade achegan a súa obra a un necesario complemento do relato informativo dos feitos, que é outra das formas de facer xornalismo literario de opinión.

O valor fundamental da radio sempre estivo na inmediatez, pero tamén en certo modo foi precursora da interactividade (limitada á conversa) cando se abrían liñas telefónicas e calquera podía pedir, concursar, opinar, denunciar, preguntar... En definitiva, pasar a formar parte do contido do medio. Seguramente non eramos conscientes de que, cando chamabamos para contar algo que estaba a pasar, estabamos facendo o que hoxe se presenta nos diarios como xornalismo cidadán e que ten o seu auxe en Internet, porque o espazo dixital permite transmitir facilmente texto e imaxes.

Antes de Internet o valor da radio radicaba en que se trataba do medio máis permeable. Na televisión apenas se permitía a participación da audiencia (a non ser como convidados a un programa) e nos diarios apenas era posible a presenza real dos lectores máis alá das cartas ao director.

Na radio pesan os xogos de voces para lograr ritmos narrativos. O mesmo que pesan as mesturas de periodistas xeneralistas ou especializados e expertos no seu que se achegan a interpretar a realidade que reconstrúen informativamente. Na radio apréndese o valor de cada segundo, o longos que chegan a ser os minutos e o pouco que abranguen cando só se dispón de tres ou catro para meter neles unha historia completa. Detrás de cada unha das colaboracións de Sumai hai un encadeado de esforzos por pechar o relato nunha hora non prorrogable, por axustalo a un tempo, por facelo en linguaxe para ser oída pola audiencia pero para ser lida pola autora; hai un esforzo tamén por facelo voz e darlle o sentido que se pensaba cando era escrito. En fin, un encadeado de condicionantes que explican a forma de traballo no medio e que Anxos resolve de forma magnífica, porque non só resultaban doados de seguir cando os narraba, senón que son amenos de ler cando se ven nesta obra pasados á escrita. Non me atrevo a aseguralo, pero quero pensar que as

